

PEC
CEIP
CASÁS
2011/2012



ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN- MARCO LEGAL**
2. **ANALISE SITUACIONAL, ESTUDO E ANALISE DO CONTEXTO ESCOLAR.**
ONDE ESTAMOS?
 - 2.1. *DATOS XERAIS DO CENTRO*
 - 2.1.1. **PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE**
 - 2.1.2. **ALUMNADO**
 - 2.2. *ENTORNO – ZONA DE INFLUENCIA*
 - 2.3. *NIVEL SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL DA ZONA*
 - 2.4. *ESTRUCTURA- ELEMENTOS MATERIAIS*
 - 2.5. *CENTROS ADSCRITOS*
 - 2.6. *CENTROS COS QUE SE RELACIONA DIRECTAMENTE*
 - 2.7. *HORARIO E OFERTA EDUCATIVA*
 - 2.8. *UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.*
 - 2.8.1. **BIBLIOTECA**
 - 2.8.2. **AULA DE INFORMÁTICA**
 - 2.8.3. **AULAS EDUCATIVAS**
 - 2.8.4. **AULAS DE PSICOMOTRICIDADE**
 - 2.8.5. **PATIOS, EDUCACIÓN FÍSICA**
 - 2.9. *PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE*
 - 2.9.1. **PERSOAL DOCENTE**
 - 2.9.2. **PERSOAL NON DOCENTE**
 - 2.10. *ALUMNADO*
 - 2.11. *IMPLICACIÓN DOS PAIS/NAIS E DA SOCIEDADE NA ACTIVIDADE ESCOLAR*
3. **TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA, QUEN SOMOS?**
 - 3.1. *SINAIS DE IDENTIDADE*
 - 3.2. *LINGUAS DO CENTRO*
 - 3.3. *LIÑA METODOLÓXICA*
 - 3.4. *INTENCIONALIDADE EDUCATIVA*
 - 3.5. *PRINCIPIOS EDUCATIVOS QUE FUNDAMENTAN A ACCIÓN DOCENTE*
4. **OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO, QUE PRETENDEMOS?**
 - 4.1. *DA ÁREA DOCENTE*
 - 4.2. *DE ORIENTACIÓN*
 - 4.2.1. **TRATAMENTO DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**
 - 4.3. *DE FORMACIÓN DO PROFESORADO*
 - 4.4. *DA ÁREA DE XESTIÓN E PARTICIPACIÓN*
 - 4.5. *DAS LINGUAS DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE*
 - 4.6. *DAS NOVAS TECNOLOXÍAS*
 - 4.7. *DO FOMENTO DA LECTURA*
 - 4.8. *DO HORTO ESCOLAR*



- 4.9. *DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E EXTRAESCOLARES*
- 4.10. *DE PREVENCIÓN DA DROGODEPENDENCIA*
- 4.11. *VALORES CONCRETOS QUE FOMENTAN*
- 4.12. *ALGUNHA ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA*
- 4.13. *OBXECTIVOS DO CENTRO TENDENTES A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

- 5.1. *ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE*
- 5.2. *EQUIPOS DOCENTES*
 - 5.2.1. **EQUIPOS DE CICLO**
 - 5.2.2. **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
 - 5.2.3. **COMISIÓN PEDAGÓXICA**
 - 5.2.4. **EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**
- 5.3. *AVALIACIÓN, RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO*
 - 5.3.1. **AVALIACIÓN**
 - 5.3.2. **RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**
- 5.4. *FORMACIÓN DO PROFESORADO E INNOVACIÓN EDUCATIVA*
 - 5.4.1. **FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO**
 - 5.4.2. **OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN**
 - 5.4.3. **PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA**
- 5.5. *ÁMBITO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS*
 - 5.5.1. **TRANSPORTE ESCOLAR**
 - 5.5.2. **COMEDOR ESCOLAR**
 - 5.5.3. **SERVIZO DE ESCOLA ABERTA**
- 5.6. *ASOCIACIÓN*
 - 5.6.1. **ANPA**
 - 5.6.2. **CLUBE DEPORTIVO CASÁS**

6. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

7. CARACTERÍSTICAS DO PEC.

- 7.1. *CÓMO E CÁNDÓ FOI ELABORADO*
- 7.2. *AVALIACIÓN DO PEC*
- 7.3. *ANEXOS*
- 7.4. *PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO*



1.- INTRODUCCIÓN- MARCO LEGAL

Plantexámonos o Colexio como un lugar de convivencia armónica no que a participación de todos, de forma coordinada, posibilita a integración das fiversas crenzas, principios, valores e estilos docentes, co obxectivo de acadar un fin común.

Cada alumn@ deberá estar en condicións de aproveitar as oportunidades educativas ofertadas para satisfacer as súas necesidades básicas de aprendizaxe.

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, pola que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, establécese que estes Centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo estas disposicións:

- O Equipo Directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.
- Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Obxectivos do Centro.
 - Fins e intencións educativas.
 - Oferta educativa.
 - Organización xeral.
 - Regulamento de Réxime Interior.
 - Relacións coas familias e institucións.
- O Consello Escolar aprobará e avaliará o PEC.
- A Inspección Educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ó establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do Centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.



2.- ANALISE SITUACIONAL, ESTUDO E ANALISE DO CONTEXTO ESCOLAR. ONDE ESTAMOS?

2.1- DATOS XERAIS DO CENTRO.

- **Centro** : C.E.I.P. CASÁS.
- **Concello**: Lugo.
- **Localidade**: Lugo.
- **Código do Centro** : 27013673
- **Zona Educativa**: 270180.
- **Titularidade** : Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia.
- **Rúa Orquídea 63** **C.P.** 27004 Lugo.
- **Teléfono e Fax**: 982 212 700
- **C.I.F.** Q-2768005-G
- **Web do centro**: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcasas/>
- **E-mail do centro**: ceip.casas@edu.xunta.es

2.2- ENTORNO – ZONA DE INFLUENCIA

O colexio de Educación Infantil e Primaria Casás está situado no barrio de A Abella (Casás), pertencente o Concello de Lugo. O recinto escolar está pechado cun val de cemento que sería desexable que fose mais alto para evitar o fácil acceso ó mesmo coas portas pechadas.

A súa ZONA DE INFLUENCIA comprende entre as rúas Ronda do Carme (dende a Fonte dos Ranchos ata Poeta Noriega Varela, beirarrúa dereita), Rúa Pousadela, Barrio da Cheda, Nacional VI, Barrio de Saamasas, Barrio de Rosende, Rúa Mestre Soutullo, Rúa Filgueiro, Rúa Lamas de Prado (ata Poeta Aquilino Iglesia Alvariño), beirarrúa dereita de Poeta Aquilino, Alfredo Brañas (dende Rúa Concello), Rúa Monte Penarrubia, Rúa Serra de Outes (dende Monte Penarrubia), Rúa da Saúde e Rúa Doctor Ochoa. Un 20% do alumnado, aproximadamente, é de concentración do noroeste do Concello de Lugo, pertencente ó polígono do Ceao, parroquias de San Vicente de Pía, San Juan de Tirimol, Santiago de Meilán, San Julián de Bocamaus, San Martín de Ombreiro, San Juan de Parada (Outeiro de Rei), San Esteban de Camoira, San Salvador de Outeiro, Santa María Magdalena de Adai, San Miguel de Orbazai, San Vicente do Veral, Santa María Alta, Vilachá de Mera, Santa Eulalia de Bóveda, Prógalo, Postomillos, San Miguel de Bacurín, Torible, San Pedro de Mera.

Estes alumn@s das parroquias rurais acuden ó centro mediante o transporte escolar (4 líneas de transporte escolar).

2.3. NIVEL SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DA ZONA

Un estudio socioeconómico da zona de influencia do centro deu como resultado un nivel medio-baixo, con lixeiras extrapolacións.

A poboación de Lugo cidade traballa no sector de servizos e a construción, nas Administracións Públicas e pequeno comercio. Na zona rural, se adica á gandería e á agricultura.



En canto ó nivel cultural, apréciase a existencia dunha grande maioría de poboación que unicamente acadou estudos primarios, aínda que se nota unha tendencia de incremento de titulacións medias. Existe, ademais, un sector de poboación marxinada notable.

2.4 ESTRUCTURA- ELEMENTOS MATERIAIS

O colexio ten, na actualidade, catro edificios e unha pista polideportiva cuberta e pechada. O **edificio principal** consta de dous andares.

No primeiro andar atópanse:

- A cociña.
- O comedor escolar.
- A vivenda da Conserxe.
- A área administrativa.
- Dous bloques de servizos para o alumnado.
- Dúas aulas para o primeiro nivel do primeiro ciclo de Primaria.
- Catro aulas de educación infantil (dúas de 4º e dúas de 6º de E.I.)
- O departamento de orientación.
- A sala de profesores.

No segundo andar: hai 8 aulas:

- Dúas aulas para o 2º nivel do primeiro ciclo de E.P.
- Dúas aulas para o 2º ciclo de E.P.
- Dúas aulas para o 3º ciclo de E.P.
- Unha aula para idioma estranxeiro (inglés).
- Unha aula específica para [alumn@s](#) con TXD.
- Unha aula de relixión católica instalada na antesala do laboratorio.
- Unha aula de relixión evanxélica instalada nunha titoría.
- A biblioteca e sala de vídeo.
- Aula de informática.
- Laboratorio.
- Aula de PT, instalada nunha titoría.
- Dous bloques de servizos de [alumn@s](#).
- Dous servizos de mestres/as.
- Un pequeno almacén de material didáctico.
- Un pequeno despacho para apoios.
- Nas cabeceiras do corredor habilitáronse dúas titorías, unha ocupada pola coidadora do centro e outra para apoios.

Tanto a Biblioteca como a aula de Informática dispoñen de porta blindada e sistema de alarma, así como de reigas nas ventás. A aula de Informática ten unha instalación eléctrica axeitada ó caso. O edificio principal está protexido con sistema de alarma con células fotoeléctricas aos dous andares e á cociña.

Edificio anexo:

Edificio de un so andar situado fronte ó principal. Na parte dereita está o ximnasio. Comunícase por medio dun beiril co novo aulario no que se atopan os servizos que son utilizados polos escolares no tempo de lecer.



Na parte esquerda deste edificio hai un Aula que se utiliza para actividades extraescolares, sala de xogos no tempo de lecer do comedor escolar e reunións relacionadas coas actividades da ANPA. Na parte posterior desta atópase a aula de Música (con sistema de alarma).

Novo aulario (chalet)

O edificio anexo, situado ó carón do anterior e diante do edificio principal, consta de dous andares. No primeiro, está a aula de A.L. e os servicios correspondentes, e vestiarios para nenos/as con acceso á pista polideportiva descuberta.

No primeiro andar, hai catro aulas: unha aula para Psicomotricidade e tres aulas que están sin utilizar, así como dous bloques de servizos.

Edificio de Educación Infantil (aulario)

O edificio situado detrás da pista polideportiva cuberta ten dúas aulas de 5º de E.I. (4 anos). Consta tamén dun pequeno despacho, sa de caldeira de calefacción, servicios do profesorado e servicios do alumnado, un rocho.

Na súa entrada ten un soportal cuberto.

Pista polideportiva

O colexio consta de dúas pistas polideportivas entre o edificio principal e o aulario. Unha delas está cuberta e pechada na súa totalidade e conta con iluminación eléctrica. A pesar de que lle foi reparada a teitume no curso 2004/2005 segue a filtrar auga cando chove. Anexo a ésta hai un almacén para material deportivo que precisa dunha urxente reparación que foi solicitada ao Concello.

Detrás ten un soportal cuberto.

Horto escolar

É un espacio pechado e acondicionado duns 70 metros cadrados, situado entre o Novo Aulario e o peche sur do recinto.

Zonas verdes, xardíns, aparcadoiros e patios de recreo.

Na entrada pola rúa Orquídea hai zonas verdes con árbores e un aparcadoiro para o persoal do centro. Nas entradas ó edificio principal, atópanse dúas pequenas zonas axardinadas. Por detrás do mesmo, discorre un acceso de servizo á cociña e ó patio de recreo, cun talude con árbores.

Na cabeceira sur da pista polideportiva, hai unha ampla zona de recreo e, detrás, un campo para fútbol de máis de 60 metros de largo e uns de 50 de ancho.

Todo recinto está pechado cun peche tipo MEC de celosías. O campo de fútbol está protexido polo sur e o oeste cunha tela metálica duns 6 metros de alto.

Ó lado do aulario e por detrás do mesmo, hai unha zona pechada con tela metálica para o recreo dos alumnos de infantil, con mobiliario urbán axeitado a estes nenos.



2.5 CENTROS ADSCRITOS

O Centro Ceip Casás está adscrito a o IES Leiras Pulpeiro (Lugo)

2.6. CENTROS COS QUE SE RELACIONA DIRECTAMENTE

Tamén se relaciona cos seguintes organismos e entidades:

- Equipo de orientación específico
- Centro de Formación e Recursos de Lugo
- Delegación de Ensino do Concello de Lugo
- Patronato de Deportes do Concello de Lugo
- Exma. Diputación Provincial
- Servicios sociais do Concello de Lugo
- Delegación Provincial da Consellería de Familia e Emprego
- Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia
- Museo Provincial

2.7. HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

O noso colexio é un centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Na actualidade, temos xornada única, de 9.30 a 14.30, os cinco días lectivos da semana.

Hai servizo de comedor con saídas as 15.00 e ás 16.00.

Todos os martes, en sesión de tarde de 16.00 ata as 18.00 realizaranse tarefas de acción tutorial e celebraranse as reunións de traballo dos diferentes equipos.

En canto á oferta educativa contamos cunha línea dobre en Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Educación Primaria e unha unidade en terceiro, cuarto, quinto e sexto de E.P.

Organización de aulas:

- Unidades de E.I. 6
- Unidades de E.P. 8
- Unidades de E.F. 1
- Unidades de E.M. 1



- Unidades de F.I 1
- Unidades de P.T 2
- Unidades de A.L 1
- Unidades de E.R 2
- D.O. 1

2.8 UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

2.8.1. BIBLIOTECA

Funciona como biblioteca e aula de usos múltiples.

A Biblioteca é un lugar de arquivo de todo o material bibliográfico, de audio e vídeo (cintas de cassette, vídeos...) do colexio.

O alumnado e profesorado respectarán en todo momento as normas de funcionamento establecidas polo equipo encargado.

Non se permite retirar ningún material sen o perceptivo rexistro informático.

Cada mestre/a, titor/a é responsable do seu grupo de [alumn@s](#) e velará porque o material se deixe no lugar correspondente.

Os libros que se retiren para biblioteca de aula deben quedar debidamente rexistrados informáticamente.

O material de biblioteca quedará rexistrado en soporte informático.

A biblioteca funcionará de acordo co plan da mesma. Ó comezo de curso establecerase un horario que facilitará o acceso do alumnado, sexa en horario lectivo ou non. Cada grupo poderá dispoñer dunha sesión semanal.

Funciona en horario non lectivo todos os días de 16.00 a 17.00.

Calquera membro da Comunidade Educativa pode facer uso destas instalacións fóra do horario de apertura previa comunicación e autorización da Dirección do centro, respectando en todo momento as normas e facéndose cabo dos desperfectos que se ocasionen.

2.8.2 . AULA DE INFORMÁTICA

O principio de curso asignarase un mestre/a responsable da aula de informática que será o coordinador das TIC. Constituirase un equipo de traballo que será o encargado de elaborar o Proxecto TIC para cada curso. Este proxecto incluírase na PXA correspondente.

Cada grupo de [alumn@s](#) terá asignado unha hora semanal para acceder á aula de informática. Existirán ademais horas libres para utilizar segundo sexa necesario por calquera grupo.

Será responsabilidade do mestre/a, titor/a a utilización dos medios informáticos de acordo ás normas de utilización dos mesmos.

Crearase un banco de recursos didácticos aloxados nun servidor que estarán catalogados e a disposición do profesorado e alumnado do centro.

A aula de informática será de uso exclusivo do centro. En casos puntuais, a directora en coordinación co equipo tic, será quen autorice a súa utilización por parte doutros membros da comunidade escolar.



2.8.3. AULAS EDUCATIVAS

Poderán ser utilizadas para realizar actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección.

O material do alumnado e profesorado de ditas aulas non poderá ser utilizado.

As persoas que as utilicen serán responsables, do bo uso das mesmas, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos si así fora o caso.

2.8.4. AULAS DE PSICOMOTRICIDADE

Poderá ser utilizada para a realización de actividades extraescolares previo aviso e autorización da Dirección.

O material poderá ser utilizado.

As persoas que a utilicen serán responsables, do bo uso da mesma, da vixilancia do alumnado e dos seus desperfectos se así fora o caso.

2.8.5. PATIOS, EDUCACIÓN FÍSICA

Para unha utilización racional do ximnasio e do polideportivo, farase un horario de xeito que todo o alumnado os poida utilizar.

Os alumn@s do centro poderán utilizar as pistas do polideportivo tanto dentro como fóra no tempo de lecer (recreo) e comedor.

O ximnasio e as pistas só poderán ser utilizadas por persoal do centro. As persoas alleas ó centro que queiran utilizalas deberán solicitalo por escrito á directora do centro, quen o presentará o Consello Escolar para que decida se procede autorización ou non. En todo caso, responsabilizaranse dos desperfectos ocasionados en todo o recinto escolar e material deportivo.

Non poderá acceder ós patios e zonas de recreo ningún vehículo ou momentos de entrada e saída do alumnado.

2.9 PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE:

2.9.1. PERSOAL DOCENTE:

- Educación Infantil..... 6 postos + 2 de apoio.
- Mestres xeneralistas..... 6 postos
- Inglés..... 2 postos
- Francés..... 1 posto
- Educación Física..... 1 postos
- Educación Musical..... 1 posto
- Pedagogía Terapéutica..... 2 posto
- Audición e Linguaxe..... 1 posto
- Orientación..... 1 posto



- Relixión católica..... 1 posto
- Relixión evanxélica..... 1 posto

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo, ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

2.9.2 PERSOAL NON DOCENTE:

- 1 Conserxe.
- 1 Coidadora
- 1 Cociñeira
- 2 Axudantes de Cociña.

2.10 ALUMNADO

O número total de alumnado no centro é de 308, dos que 139 corresponden a E.I. E 169 a E.P.

É importante sinalar que o número de alumnado en E.I. e no primeiro nivel do 1º ciclo de E.P. Está situado nos límites da ratio, indicando un notorio crecemento do alumnado nas primeiras idades (infantil e 1º ciclo de E.P.)

Neste curso 2011/2012 para realizar os agrupamentos dos [alumn@s](#) decidimos seguir fundamentalmente o criterio de orden alfabética dos apelidos e nome dos mesmos, intentando unha distribución equilibrada de [nen@s](#), unha homoxeneidade do grupo, un reparto profesional de alumnado que repite curso e outros motivos suxeridos pola dirección e o D.O.

2.11. IMPLICACIÓN DOS PAIS E DA SOCIEDADE NA ACTIVIDADE ESCOLAR

Dado o carácter de escola aberta do noso centro, pretendemos a colaboración de toda a comunidade educativa, en especial das familias, na actividade educativa en xeral e nos diferentes aspectos que recolle este proxecto educativo en particular, cunha actitude de respecto cara o labor dos profesionais do ensino, imprescindible para acadar os obxectivos en relación á educación do noso alumnado.

Do mesmo xeito, o centro fomentará a interacción coa sociedade na que está integrado, a través da súa participación no facer educativo do centro

3. TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA. QUEN SOMOS?

3.1. SINAIS DE IDENTIDADE

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, dende o ceip casás traballamos cuns compromisos que concretamos dentro do seguinte marco educativo:



QUEREMOS UNHA ESCOLA:

ACONFESIONAL

O centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

Debido á demanda, hai unha profesora de relixión católica e outra de relixión evanxélica (compartida co CEIP As Mercedes), que atenden as necesidades de educación relixiosa do alumnado, aínda que temos alumnado que opta por actividades de Atención Educativa.

PLURAL:

Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos.

INTEGRADORA:

Unha escola para a igualdade e non discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

COMPROMETIDA COA CONVIVENCIA:

Escola comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade Educativa. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza e para a liberdade.

DEMOCRÁTICA:

Considerando o colexio como espazo para a convivencia. Desenvolveranse en xeral os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidades, diálogo permanente... de xeito que o nos alumnado experimente un modelo democrático de convivencia.

NON SEXISTA:

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación, ou educación na igualdade de sexos.

PROGRESISTA:

A escola mirará cara ao futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto a formación académica coma a formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.

RELACIONADA CO CONTORNO.

Consideramos fundamental que a escola estea integrada no contorno, valorando positivamente as oportunidades e colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de



cooperación e respecto mutuo.

3.2. LINGUAS DO CENTRO

Respectando a lexislación e normativas vixentes recoñécese o dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais.

Debido a súa relación e integración no contorno o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade e no plano administrativo.

Ao remate da escolarización o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas.

Considerando ademais a nosa lingua como sinal de identidade da nosa terra, potenciará a formación do alumnado en tódolos eidos da cultura galega: lingua, literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións, festas populares e outros aspectos sociolóxicos relevantes.

Traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa no contorno e na realidade galega.

A **lingua inglesa** será impartida segundo a lexislación vixente na E.I e na E.P.

O Centro participa no Proxecto de Anticipación da primeira lingua estranxeira no 2º ciclo de Educación Infantil. Coa implantación no novo currículo nesta etapa educativa, impartirase nas condicións fixadas pola Administración. Así mesmo estamos a desenvolver SECCIÓNS BILINGÜES, EDUCACIÓN ARTÍSTICA/INGLÉS no 3º ciclo de Primaria.

ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS

As ensinanzas de Educación Musical e Educación Física, non obrigatorias na etapa de Educación Infantil, impartiranse nas condicións que se fixen na Programación Xeral Anual para cada curso de acordo coa dispoñibilidade horaria do profesorado.

3.3 LIÑA METODOLÓXICA

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión.

Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza-aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos escolares.

Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexivilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado e facilitar a participación dos [nen@s](#) en actividades complementarias. Flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas para adaptar o aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da comunidade educativa.

A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a pensar e da creatividade do alumnado.

Procuramos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áres do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade dos aprendizaxes.

Concibiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que sirva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos pulo a súa función como axente de compensación social, e por este

motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.

O centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos en especial os recursos TIC como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os nosos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.

Como escola entendemos que o respecto, a organización, a orde, a atención, a escoita activa e o esforzo son indispensables para o pleno desenvolvemento da vida escolar.

O centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros así como do IES Leiras Pulpeiro (centro adscrito), co fin de coordinar os aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.

Apostamos por unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas ó contorno e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio que dea e reciba, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade (pais, organizacións culturais, concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

O Ceip Casás entenderá ao alumnado como constructor da súa aprendizaxe. Respectando os distintos estilos, a liña metodolóxica do colexio irá encamiñana á consecución dunha aprendizaxe significativa. Entendendo a avaliación como un proceso continuo baseado no seguimento de todo o proceso educativo e dos elementos que nel interveñen, facendo maior fincapé no proceso en sí mais que nos resultados cuantitativos.

3.4.- INTENCIONALIDADE EDUCATIVA:

O centro contemplará a súa intencionalidade educativa en tres ámbitos concretos :

- **Ámbito institucional:**

- Velará polo desenvolvemento dunha educación integral.
- Fomentará a participación en tódalas actividades que se desenrole e a xestión democrática.
- Fomentará a creación nos alumnos-as de lazos de arraigo da súa lingua , a sí , do seu entorno.
- Velará pola aceptación da pluralidade.
- Perseguirá unha integración que desbanque todo tipo de segregación.
- Desenvolverá as súas actividades baixo o principio da coeducación
- Fomentará a apertusa á comunidade e á interacción co medio.
- Revisará e modificará no pertinente o “ rol “ do profesorado.
- Fomentará o traballo en equipo e a interdisciplinaridade.

- **Ámbito axiolóxico :**

- Educará nos valores mencionados no apartado 2.3 deste mesmo P.E.C.
- Tratará de que os alumnos-as consideren as súas vivencias no centro coma unha experiencia gratificante.



- **Ámbito didáctico :**

- Desenvolverá unha educación integral.
- Fomentará o desenvolvemento da creatividade.
- Fomentará nos alumnos e profesores a actitude de investigación e a xeración dun espírito científico.
- Respetará a teoría da educación e as súas derivacións metodolóxicas.
- Apostará por unha metodoloxía activa.
- Propiciará o desenvolvemento dos coñecementos significativos.
- Respetará o desenvolvemento individual.
- Acollerase á avaliación formativa como elemento principal da orientacións escolares .
- Fomentará o espírito crítico.

3.5 PRINCIPIOS EDUCATIVOS QUE FUNDAMENTAN A ACCIÓN DOCENTE

Son:

- Educación integral e comprensiva.
- Coeducación.
- Atención á diversidade.
- Socialización.
- Individualización educativa.

Educación integral e comprensiva que abrangue tódolos ámbitos da persoa (física , estética, intelectual , moral , saúde) que sexa básica e extensiva a todos.

Coeducación: o colexio desenvolverá tódalas súas actividades baixo o principio da coeducación, eliminando estereotipos sexistas presentes sempre en tódolos ámbitos.

Así eliminaremos todo tipo de diferencias nas actividades realizadas- non hai actividades propias de nenos ou de nenas, nin locais ou espazos, fomentaranse os xogos e actividades de recreo nos que participen ambos sexos, agruparanse nas aulas sentándose a nenos e nenas sen discriminación algunha...

Prestarase especial atención a aqueles bloques de contidos que teñan como obxectivo a igualdade entre os sexos.

Atención á diversidade: é un dos principios que avala a reforma educativa actual (LOE). Decreto 229/2011 do 7 de decembro, *polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicianos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica “/2006 do 3 de maio de educación.*

Para acadala haberá que:

- Considerar a diversidade como una característica da realidade humana.
- Considerar a educación como un instrumento de promoción e desenvolvemento persoal e social, e non coma un instrumento de clasificación e, menos ,de xerarquización.



- Constatación da diversidade e singularidade dos procesos de aprendizaxe.
- Utilización de recursos, actividades e instrumentos que arbitren para atender a diversidade:
 - currículo aberto e flexible
 - avaliación non selectiva, tendo en conta procesos e non resultados
 - flexibilizar agrupamento de alumnos
 - titoría personalizada
- atención individualizada nos casos necesarios

En canto ao **Plan de Medidas de Atención á Diversidade e Organización de Actividades de Apoio**. Para prestar atención á diversidade de necesidades para a elaboración de actividades de apoio teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos: dar prioridade ao alumnado con necesidades permanentes, prestar atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que requiran apoio especializado das profesoras de PT e AL..., dando prioridade aos alumn@s dos primeiros niveis. En canto aos alumn@s con retraso instructivo moi significativo terán apoios preferentemente e sempre que sexa posible, coincidindo coas horas de lingua e/ou matemáticas de horario da súa clase. A distribución horaria é variable segundo a evolución dos alumn@s e a disponibilidad do profesorado do centro e a organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

- **Para os alumn@s con expectativas de progreso** semellantes aos seus compañeir@s de ciclo, pero por razóns sensoriais, motrices e outras que acadan os obxectivos máis tarde que o resto elaboran programas de **Reforzo Educativo** que é feito polo profesor titor de aula ordinaria coa colaboración de outros profesor@s e coa aportación de materiais por parte do Departamento de Orientación sempre que sexan demandados.
- **Para o Grupo de adquisición das linguas para alumn@s inmigrantes**, co obxectivo de integrar ao alumnado inmigrante na dinámica do centro, tendo en conta as directrices que se suxiren no Plan de Acolida para alumn@s inmigrantes, o Departamento de Orientación colabora na elaboración de actuacións e respostas educativas para “a inmersión lingüística” de inmigrantes que descoñecen o español.
- **Os apoios na aula de Audición e Linguaxe siguen criterios diferentes sin esquecer de que ningún nen@ debe de ser atendido sen un informe previo por parte do Departamento de Orientación:** Prioridade ao alumnado que amose dificultades na linguaxe oral, atendendo aos criterios de intervención temperá, terán prioridade os alumn@s de Educación Infantil (programa de estimulación do linguaxe oral), apoios que sexan precisos e primeiro ciclo de Educación Primaria, continuarase co alumnado que presente dificultades na linguaxe oral de 2º e 3º ciclo e finalmente atenderase ao alumnado que amose dificultades na linguaxe escrita.
- **Áreas prioritarias para levar a cabo os apoios:** Segundo as características do alumnado, priorízase os apoios dunhas áreas sobre outras. Por regra xeral apoiaranse nas áreas instrumentais básicas: lingua e matemáticas.



- **Modalidades de Apoio:** priorizadas sempre do seguinte xeito:

- Aula ordinaria con apoio/reforzo por parte do mestre titor.
- Aula ordinaria con apoio por parte de calquera mestre, dependendo das horas libres e, sempre e cando sexa posible, deberá pertencer ao mesmo ciclo.
- Aula ordinaria con apoio especializado por parte da mestra de PT e/ou AL (sobre todo na Educación Infantil)
- Aula de PT ou AL a tempo parcial. Tendo en conta que o horario destes apoios non poderá exceder un terzo do tempo da xornada escolar (8 horas semanais)

Socialización: o centro terá que continuar a labor educativa de socialización dos nenos/as empezada na familia, tratando de consolidar a súa identidade e favorecendo a toma de conciencia do seu lugar no mundo, o que suporá unha apertura ó medio, en círculos cada vez máis amplos a medida que vaia asimilando novos coñecementos de tipo social e cultural, para que chegue a ser membro activo e responsable da sociedade á que pertence.

Individualización educativa : Intimamente relacionada coa atención á diversidade atópase este outro principio. O centro tratará de acadar un consenso encanto á liña metodolóxica a seguir, apoiada neste principio de individualización e en aras de realizar unha verdadeira atención á diversidade; arbitrándose nesa liña as medidas precisas para a adecuación do currículo a cada alumno-a en particular e dun xeito especial cando se trate de alumnos con N.E.E.

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO, QUÉ PRETENDEMOS?

O colexio ten aprobados uns obxectivos xerais que deben impregnar a actividade docente do día a día, así como unha referencia a acadar na medida das posibilidades.

Estes obxectivos son os seguintes:

4.1.- DA ÁREA DOCENTE.

1. O profesorado como responsable dunha área e/ou titor/a colaborará no proceso educativo e na formación persoal e integral do alumno. Enténdese a finalidade deste proceso encamiñada a formar persoas, e non como unha mera transmisión de coñecementos.
2. Convertir ó alumnado en protagonista da súa propia educación, como individuo distinto e ademais membro dunha determinada comunidade social e cultural.
3. Educar “en” e “dende” a liberdade e o respecto ás persoas e ó entorno.
4. Prantexar as relacións entre os membros da comunidade educativa dentro dun punto de vista formativo. A colaboración e un espírito constructivo e positivo debe marcar as relacións entre os distintos sectores da comunidade escolar.
5. Fomentar a creatividade e o espírito crítico.
6. Fomentar o traballo en equipo de mestres e alumnos.
7. Favorecer a apertura do centro ó entorno social e atender as demandas do mesmo na medida das posibilidades, evitando o illamento docente.

4.2.- DE ORIENTACIÓN.

O Departamento de Orientación colabora co Equipo directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación cos pais/nais.



Reúñese unha vez á semana e sempre que o horario o permita. O segundo martes de cada mes dedicárase ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado de N.E.E. .

Coordinará tódalas funcións orientadoras. Éstas serán asumidas polo equipo educativo, que compartirá a responsabilidade titorial coordinado polo profesorado titor/a, o que aportará todos os datos que precisase para desenvolver a súa laboura. Isto se basea no principio de que a titoría é unha función docente na que a súa actividade central ven constituída pola avaliación formativa.

O centro asume tamén outras funcións titoriais. O carácter social e complexo da tarefa educativa, require un acordo institucional, do que o primeiro elemento é o proxecto educativo real, do equipo pedagóxico do ciclo e do centro.

1. Potenciar as accións oportunas para garantir a orientación persoal, escolar e familiar dos alumn@s. A orientación entenderase como un proceso continuo de axuda ó alumn@, que debe desenvolverse en paralelo ó ensino.
2. Potenciar a figura do profesor titor, posibilitando o exercicio das súas funcións como coordinador da tarefa orientadora dos titoriad@s, dentro do ámbito da comunidade educativa.
3. Promover actividades de orientación coa participación doutras persoas e entidades alleas ó Claustro de Profesores. Coordinar e facilitar as propostas por asociacións ou entidades se estiman oportunas e positivas para a formación de profesores e alumn@s.
4. Potenciar e favorecer o traballo do orientador en particular e do Departamento de Orientación en xeral, que deberá traballar moi coordinado cos profesores titores e mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

4.2.1-TRATAMENTO DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS :

Detección das necesidades : O profesorado , especialmente de Educación Infantil e primeiros niveis de Primaria , esforzaranse na detección de alumnado con N.E.E., orientandoo para a súa valoración polo Departamento de Orientación.

Tratamento : Cando as necesidades detectadas o fagan necesario este alumnado será atendido polo profesorado de P.T. , favorecendo en todo o posible a integración deste alumnado no grupo de iguais , atendendo preferentemente ó alumnado de Educación Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria .

4.3.-DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

- Promover o compromiso e a participación dos equipos docentes na planificación, execución e avaliación de investigacións e toma de decisións a partir das necesidades e problemas sentidos pola comunidade educativa.
- Promover o intercambio de experiencias educativas con outros centros do entorno.

4.4.- DA ÁREA DE XESTIÓN E PARTICIPACIÓN:

- Posibilitar a participación real e efectiva dos membros da Comunidade Escolar na organización e actividades do centro, no marco da normativa vixente.
- Promover a solidariedade e interdependencia dos membros da Comunidade Escolar no marco dunhas relacións humanas afectivas e efectivas como medio de acadar e manter un clima escolar relaxado e comprensivo evitando a tensión, a conflictividade



e o enfrentamento entre e/ou dentro dos distintos sectores educativos.

- Desenvolver nos alumn@s o sentido da responsabilidade e a asunción dunhas normas básicas de convivencia e disciplina, potenciando o respecto polos profesores, alumn@s e demais membros da Comunidade Educativa, así coma un correcto uso e coidado das instalacións do colexio.
- Fomentar a adquisición polo alumnado dunha linguaxe, hábitos e pautas de conducta que respondan ós valores e normas estimados como positivos e enriquecedores a nivel individual e social.
- Potenciar as técnicas de traballo escolar cooperativa e a dinámica de grupos para fomentar a dimensión social do individuo, como elemento potenciador e de mellora do medio familiar e socio-cultural no que se desenvolve.
- Fomentar o respecto e comprensión da diversidade entre alum@os, erradicando situacións e condutas discriminatorias por razón de sexo, relixión, raza, cultura ou de tipo político e socio económico.
- Fomentar a educación ambiental, para a saúde, o benestar e a paz.

4.5.-DAS LINGUAS DE COMUNICACIÓN E APRENDIZAXE

- Realizar as aprendizaxes en educación infantil e primeiro ciclo de primaria na lingua materna.
- Utilizar para a comunicación co grupo de alumn@s por parte do profesorado a lingua maioritaria entre eles, asegurándose que é entendida por todos. De tódolos xeitos, ó remate do primeiro ciclo de primaria, deberán coñecer as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Promover o uso do galego nos traballos extraescolares dos alumn@s naquelas áreas que non seña consubstancial o emprego doutra lingua.

4.6. – DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

- Potenciar o uso dos medios audiovisuais como instrumento didáctico de apoio nas distintas áreas do currículo: filminas, transparencias, presentacións, DVDs, Cds, Internet, Proxeccións, Blogs, Páxina web...
- Utilizar o ordenador como medio didáctico en todos os niveis. O colexio dispón dunha aula de informática.

4.7.- DO FOMENTO DA LECTURA.

- Celebrar sesións de animación á lectura para os distintos niveis.
- Fomentar o hábito lector entre o alumnado, para o que disporán, dentro do horario lectivo, dunha hora por grupo para biblioteca e video, na que poderán retirar libros en calidade de préstamo domiciliario.
- Fomentar a adquisición de fondos para a biblioteca e as bibliotecas de aula, na medida das disponibilidades económicas do colexio



4.8.- DO HORTO ESCOLAR

- Participar nas actividades programadas para o horto escolar, para fomentar o coñecemento do medio rural, o respecto á natureza, a observación e investigación e o traballo en equipo. Para elo, cóntase cun espazo adicado a horto.

4.9.- DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E EXTRAESCOLARES

- Potenciar e levar á práctica a participación do alumnado en todas aquelas actividades deportivas promovidas polas distintas entidades competentes na materia , que se estimen axeitadas e de interés para o alumnado ; atendendo así a un aspecto moi importante da súa formación integral , canalizando de xeito adecuado parte do seu tempo libre.
- Promovelas saídas culturais e as excursións culturais-recreativas organizadas polo profesorado ou pola Asociación de pais/nais do alumnado ou polo Clube Polideportivo Casás .

4.10.-DA PREVENCIÓN DA DROGODEPENDENCIA:

- Participar no programa para Educación para a Saúde da Xunta de Galicia , para o que se contará co oportuno material didáctico.
- Promover e participar en todas aquelas actividades programadas para a prevención da drogodependencia.

4.11. VALORES CONCRETOS QUE FOMENTA

- Valores para a convivencia:
 - Respecto
 - Liberdade e responsabilidade
 - Participación
- Tendendo a erradicar:
 - Individualismo competitivo
 - Abuso de liberdades
- Solidariedade
 - Comprensión e xustiza
 - Respecto á diversidade



- Tolerancia
- Cooperación
- Tendendo a erradicar
 - Egoísmo
 - Competitividade
 - Discriminación
- Educación para a paz
- Educación ambiental, para a saúde e para o benestar
- Valores persoais
 - Autonomía
 - Espírito crítico
 - Sentimento do deber
 - Perseverancia e esforzo
 - Espírito de sacrificio

4.12 ALGUNHA ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

As diferentes actuacións e o protocolo a seguir están expostas no Plan de Convivencia do Ceip de Casas.

Destacamos algunha actuación do **PLAN DE CONVIVENCIA**. Á vista da realidade social e cultural descrita, chegamos á conclusión de que se queremos ir a máis na calidade educativa que ofrece o Centro, intentamos concentrar os nosos esforzos nunha mellora da educación. Salientando neste senso algún aspecto como:

- O respecto cara ós demais intentando menos agresividade entre os alumn@s, tanto dende o puntos de vista físico como verbal, a nosa finalidade para toda a Comunidade Educativa **Aprender a escoitar**.
- A educación medioambiental como a necesidade de coñecer a influencia do ser humano no seu entorno e así valorar a necesidade de manter o noso planeta sen contaminación.
- Por parte de alumn@s mellorar algúns hábitos de hixiene e de alimentación e consumo e tamén de hábitos de limpeza e orde nos seus traballos.
- Intentamos que os alumn@s adquiran maior responsabilidade na realización de tarefas escolares, na organización de estudo e que se valoren como persoas que adquiran unha alta autoestima e así tamén poder facer uso do tempo de lecer que sexa cada vez máis



enriquecedor para unha boa formación da súa personalidade e que a maior parte dos alumn@s participen en actividades deportivas, lecturas, traballos en equipo...

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación.

O exposto, lévanos á idea de que todo isto só é posible se na Comunidade Educativa existe un clima de diálogo e participación.

4.13.OBXECTIVOS DO CENTRO TENDENTES Á NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Está formado por:

- Coordinadora: M^a Inés Agromartín Busto
- Integrantes:
 - Ana M^a Chorén Núñez (Infantil)
 - Isabel Fernández Somoza (Infantil)
 - Elvira García Labandeira (1º ciclo E.P.)
 - M^a Carmen Cancela Freire (1º ciclo E.P.)
 - M^a Dolores Redondo Gorgoso (2º ciclo E.P.)
 - M^a Teresa Dacal Otero (3º ciclo E.P.)
 - Francisco Estévez Álvarez (orientador)

Obxectivos:

- a) Potenciar o uso da Lingua Galega nas actividades do Centro.
- b) Lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade.
- c) Potenciar a presenza da realidade galega: Cultura, Historia, Xeografía Economía. Etnografía, Lingua, Literatura, Arte, Folclore etc, no ensino

Actividades:

- a) -Emprego do Galego en todas as actividades administrativas do Centro e na súa relación co exterior.
- b) Participación da comunidade educativa nas celebracións facendo uso do Galego nas distintas actividades.
- c) Elaboración dunha revista que recolla unha escolma de traballos feitos ó longo do curso.
- d) Elaboración de fichas de traballo de todos os traballos tratados.
- e) Elaboración dun vídeo cunha selección dos traballos realizados (encontraránse na páxina web do centro en cada unha das diferentes actividades a realizar no centro).
- f) Participación dalgunha persoa ou grupo relacionado/a cos nosa música e o folclore popular.



5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO, CÓMO NOS ORGANIZAMOS

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como o procedemento electoral para a súa designación, composición, competencias e funcións está regulamentado polo Decreto 92/1988, modificado polo Decreto 324/1996 e o Decreto 374/1996, todos eles da Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia.

a) UNIPERSONAIS:

Os órganos unipersoais de goberno conforman o equipo directivo do centro:

- **Director:** as condicións esixidas para a súa candidatura, elección, nomeamento, competencias e cese, veñen reguladas na lexislación sinalada anteriormente.
- **Secretario:** o procedemento para a súa designación e competencias veñen determinadas pola lexislación citada anteriormente.
- **Xefe de estudos:** como nos anteriores, a súa designación e competencias veñen determinadas na lexislación citaeda.

b) COLEXIADOS:

- **O Consello escolar** do centro é o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar.

Composición: ven regulada no Decreto 374/1996 da Consellería de Educación nos artigos 37, 39, 40 e 41.

Elección: ven regulada polo Decreto 92/1988 e 324/1996 (que modifica o anterior).

Funcións: son as que están recollidas nos artigos 43 e 44 do Decreto 374/1996 da Consellería de Educación e O.U.

- **Claustro de profesores:** É o órgano propio de participación do profesorado no centro e estará integrado pola totalidade de profesores/as que presten servizo no mesmo.

Presidirao o Director do Colexio.

As súas competencias régulanse no artigo 47 do Decreto 374/1996 da Consellería de Educación e O.U.

Reunión: están determinadas polo artigo 51 do citado Decreto 374/1996 da Consellería de Educación e O.U.

A asistencia ás reunións dos órganos colexiados é obrigatoria para todo o profesorado compoñente dos mesmos.

- **Comisión económica:** no seo do consello escolar do colexio funcionará unha comisión económica integrada por un mestre/a, un pai/nai de alumno/a e o Secretario/a. Estará presidida polo Director/a do colexio.

Será función da comisión económica informar ó Consello escolar sobre cantas materias de índole económica lle sexan encomendadas.



5.2 EQUIPOS DOCENTES:

Funcionan os seguintes equipos:

- Equipos de actividades complementarias e extraescolares.
- Equipo de normalización lingüística.
- Equipo de dinamización de biblioteca.
- Equipo de dinamización TIC.
- Equipo de dinamización de convivencia escolar.

Todo o profesorado debe de estar adscrito a algún equipo.

Procurarase que en todos os equipos exista profesorado representante dos distintos ciclos.

Dito profesorado informará aos demais membros do ciclo dos acordos tomados nos diferentes equipos e a previsión de tarefas e actividades previstas.

Os equipos reuniranse normalmente unha vez ao mes se é o caso, ou ben unha vez cada catro semanas. Este calendario poderá ser modificado en función das necesidades do centro.

As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao Claustro co fin de ser debatidas e aprobadas.

Haberá relación fluida entre os equipos co fin de interactuar, colaborar e participar conxuntamente nas ocasións que así o requiran, en proxectos, actividades ou conmemoracións comúns.

5.2.1. EQUIPOS DE CICLO:

É un órgano de coordinación docente e as súas funcións así como as competencias de coordinad@r, veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e modificado polo decreto 7/1999, no capítulo I, no título III.

O ciclo está composto por todo o profesorado que ten titoría neses niveis e por profesorado especialista, que se adscribe voluntariamente segundo nº de horas de docencia que teña nel, a súa preferencia, e procurando que todos (E. Infantil, 1º, 2º e 3º ciclo de E. Primaria) teñan un número similar de membros. Cada ciclo ten un coordinad@r propost@ entre os seus membros e designados polo direct@r do centro. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.

Normalmente reunirse cunha periodicidade mensual, podendo ter variacións debido a necesidades educativas puntuais.

No ciclo analízanse e debátense todas as propostas referidas á programación, actividades complementarias ou extraescolares (no seus caso), conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliación, adecuación de libros de texto, atención á diversidade, co fin de tomar as decisións educativas oportunas e levar as propostas dos seus membros á comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Departamento de Orientación, aos diferentes equipos de dinamización e ao Claustro.

Para preservar a unidade do ciclo todas as decisións deberán ser acadadas con consenso e asumidas por todo o profesorado que imparte docencia nalgún dos seus niveis.



5.2.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Funcionará en colaboración co equipo de orientación específico en tarefas de orientación persoal e académica para todo o alumnado e dun xeito especial para os de N.E.Es.

Composición: estará integrado polo orientador/a (xefe/a do departamento), os coordinadores de ciclo de educación primaria, un profesor/a de educación infantil e os mestres/as de P.T. e A.L.

As súas funcións veñen reguladas polo Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG no 27 de abril).

5.2.3 Comisión pedagóxica:

A composición, a organización e as competencias da comisión de coordinación pedagóxica son as que establecen os artigos 61 e 62, capítulo II, título III, do Regulamento orgánico das escolas e E. Infantil e dos colexios de E. Primaria ea orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de E. Infantil e dos colexios de E. Primaria.

Composición:

- Director/a (presidente).
- Xefe/a de estudos.
- Coordinadores de ciclo.
- Coordinador/a do equipo de normalización lingüística.
- Profesorado de apoio.
- Xefe/a do departamento de orientación.

Entre as súas competencias destacan:

- Elevar propostas ao Claustro para elaborar os PCCs.
- Asegurar a coherencia entre o PEC, os PCCs e a PXA.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado.

5.2.4 Equipo de normalización lingüística:

Coordinará o desenvolvemento do plano xeral para o uso do galego, así como do plano específico do ensino da lingua galega. As súas funcións veñen determinadas nos artigos 63-68 do Decreto 374/1996 e as funcións dos equipos de dinamización veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG 24 de xullo de 2007).

Composición: un profesor de cada ciclo podendo integrarse para temas puntuais outros membros da Comunidade Educativa.



5.3 .- A AVALIACIÓN , RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DE ALUMN@S :

5.3.1 AVALIACIÓN:

A avaliación é un quefacer imprescindible para coñecer e mellorar o rendemento do traballo e os resultados acadados dentro do Plan Anual do Centro, e nalgúns temas a mais longo prazo.

A avaliación ten como obxectivo aportar información definida e valiosa . Si ésta non é útil , repite o coñecidos ou supostos , e samente ofrece conclusións e descripcións etéreas e unha perda de tempo.

Hai realidades que non poden ser abordadas por procedementos simplificados . Polo tanto , é convinte que a avaliación sexa realizada mediante métodos diversos , adaptados e sensibles á complexidade.

Debe ser feita polos protagonistas da experiencia e non por extraños , aínda que sexan moi expertos.

Deberá considerar as cualidades seguintes:

- **Procesual** : Considerando a mesma coma un proceso , non coma unha suma de situacións puntuais . Valorará tódalas situacións e progresos e non soamente a proba.
- **Coñecida**: Debe saberse a data e o modelo e se é unha proba , asimismo os criterios de valoración e si é un traballo . Sería interesante introducir gradualmente , con prudencia , fórmulas de participación nas decisións ó respecto .
- **Comprensiva** : Referida ás principais variables que interveñen no ensino-aprendizaxe : Contexto , deseño , profesorado e alumnado , e non so a este último.
- **Individualizada** : Feita a avaliación inicial , deberá ter en conta criterios de evolución dos alumnos-as , e non só os que se refiren á media da clase ou á necesidade de acadar un obxectivo.
- **Cálida** : Non debe resumirse exclusivamente nunha nota numérica , senon que debe ir acompañada de comentarios , anotacións ,, e algunha vez deben comentarse co propio alumnado detalles concretos.
- **Complexa** : Deben valorarse aspectos múltiples na actividade do alumnado , que eviten a sensación de fracaso sen paleativos e possibiliten facer algunhas lecturas en positivo , valorando aspectos como presentación , orde , orixinalidade , marxes...., a fin de evitar no alumno-a a sensación de desánimo pola inutilidade do esforzo .
- **Formativa** : Prantexando as actividades de avaliación como unha situación de aprendizaxe máis e non como comprobadoras e menos aínda sancionadoras. Debemos utilizar os erros polo interés que teñen para a aprendizaxe .
- **Inmediata** : A revisión e comentario dos traballos e probas por parte do profesorado debe facerse nunha marxe de tempo breve dentro da unidade didáctica.
- **Compartida** : Deberá tomarse algunha maneira en consideración as opinións dos alumn@s , polo menos para avalialo deseño e valorar según as situacións. Fomentarase a autoavaliación
- **Reversible** : Debe haber un proceso de retroalimentación.



5.3.2. RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DE ALUMNOS-AS :

A promoción de alumn@s atópase regulada polo real decreto 1006/1991 e a Orde do 6 de Maio de 1993 (D.O.G.A. do 20) da Consellería de Educación da Xunta de Galicia . Os alumn@s promocionarán de acordo coa súa idade cronolóxica , podendo permanecer un ano máis na etapa , decisión que será adoptada polo mestr@ , titor@ , tendo en conta os informes do equipo de profesor@s e os resultados da avaliación.

O centro tenderá a que os alumn@s que o precisen permanezan un ano mais no Ciclo o antes posible , agás naqueles casos nos que o retraso escolar sexa debido a unha manifesta inmadurez. A permanencia dun ano mais no ciclo farase entón dependendo de cada caso específico despois de analizar posibilidades , capacidades de adaptación e outras variables.

A decisión de permanencia un ano mais no ciclo irá acompañada de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuir que o alumn@ acada os obxectivos mínimos programados, medidas que se farán constar no informe de avaliación individualizado; xa que só coa repetición non é posible solucionar as dificultades de aprendizaxe . Estas medidas poden conlevar apoios de tipo psicolóxico , reforzo de técnicas instrumentais , adaptación do currículo , tratamento individualizado,....

Cando exista persoal dispoñible arbitranse medidas de recuperación nunha ou varias áreas determinadas con alumn@s que sufran un grande retraso que lles impida seguir as actividades propias da aula . Estes apoios serán dentro da aula ordinaria , a non ser por razóns de tipo organizativo que aconsellen outra modalidade . En todo caso estes alumn@s recibirán atención das profesoras de P.T. e de A.L. na medida das dispoñibilidades do centro e atendendo os casos mais graves en etapas e ciclos máis baixos .

Os Equipos de profesor@s de cada ciclo contemplarán a posibilidade de programar actividades de recuperación-ampliación a través de agrupamentos flexibles . Na repetición será preceptivo o trámite de audiencia ós pais-nais do alumnado por parte do profesorado titor@

5.4. FORMACIÓN DO PROFESORADO E INNOVACIÓN EDUCATIVA

5.4.1. FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO:

O centro favorecerá a formación do profesorado no propio centro. En anos pasados, fixéronse cursiños de informática educativa e grupos de traballo (TXD).

5.4.2. OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

A parte da modalidade de formación no propio centro, este colexio estará aberto á participación do profesorado en todo tipo de actividades de formación permanente e perfeccionamento do mesmo (cursos, seminarios, conferencias, xornadas...), arbitrando a nivel organizativo cantas medidas sexan posibles para favorecer tal participación; así como solicitar apoio e asesoramento para levar a cabo proxectos de investigación e innovación educativa no propio centro ou en colaboración con outros organismos e o departamento de orientación específico.



5.4.3. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:

O centro fomentará todo tipo de actividades encamiñadas á investigación na acción educativa no propio centro e á planificación e desenvolvemento de proxectos de innovación educativa que conleven a mellora da calidade da ensinanza.

Para elo, porá a disposición dos equipos docentes implicados cantos recursos estean ó seu alcance, tomará as medidas organizativas oportunas para que ditos proxectos poidan ser levados á práctica.

5.5. ÁMBITO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS

5.5.1 Transporte escolar:

O transporte escolar depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Ten catro rutas distintas e está encomendado a catro empresas: Lafercar, Autos Bernardo, Empresa Monforte (Monbús) e Transportes Pardo.

O servizo de transporte funciona pola mañá chegando ao centro sobre as 9.15-9.30 e tamén pola tarde despois do funcionamento do comedor escolar.

As rutas están sinaladas para facilitar a súa identificación (ver PXA e na aplicación da Consellería “Transporte Escolar”)

Cada alumn@ usuario de transporte usa o seu transporte que é axudado pola acompañanta de transporte que velará polo seu coidado.

O Equipo Directivo, xunto co profesorado, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (desde a chegada dos autocares ata a hora de entrada nas aulas).

5.5.2 Comedor escolar:

A Orde 8 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación non Universitaria.

Ten como obxectivo fundamental facilitar ós alumnos/as do transporte escolar unha alimentación e formación alimentaria que asegure o seu pleno desenvolvemento. Según acordo do Consello Escolar, as plazas dispoñibles, logo de atender ó alumnado transportado, serán ofertadas ás familias de Lugo que o soliciten, curso a curso, previo pago por anticipado mes a mes das cotas fixadas polo Consello escolar a tal efecto. De haber máis solicitantes que plazas dispoñibles, o Consello escolar fará a oportuna selección (Decreto 374/2009 do 6 de agosto pola que se aproban os prezos pola utilización dos comedores escolares dos centros públicos non universitarios).

Como proxecto educativo o obxectivo é que o alumnado aprenda hábitos alimenticios sans e un correcto comportamento na mesa, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade. Adxuntamos unhas normas a ter en conta polos usuari@s de comedor escolar:



NORMAS A TER EN CONTA POLOS/AS USUARI@S DO COMEDOR ESCOLAR

< O comedor escolar é un servizo de CARÁCTER EDUCATIVO dirixido a completa-la formación do alumnado seguindo a liña PEDAGÓXICA DO COLEXIO para fomentar valores, actitudes e hábitos hixiénicos.

< Os usuari@s lavarán as mans antes de xantar.

< O alumn@ manterá a orde tanto para entrar coma para saír.

< Durante a instancia no comedor, cada un debe permanecer sentado na súa cadeira e mantendo un comportamento correcto (coidando a postura e mailos modais). Deixando as mesas, cadeiras e o chan o máis limpos posibles.

< Os xoguetes, libros, golosinas...deixaranse nas mochilas. Prégase non traian obxectos de valor, por se os perden, xa que o Centro non se responsabiliza deles.

< Elaboraranse MENÚS que proporcionen unha DIETA EQUILIBRADA para favorecelo correcto desenrolo dos comensais, fomentándose a adquisición de HÁBITOS DIETÉTICOS axeitados. O MENÚ de cada mes é aprobado en consello escolar e cada mes levarán os usuari@s unha copia. (Estará tamen exposto no taboleiro do Centro).

< Os comensais probarán e comerán a cantidade adecuada as súas necesidades.

< O COMPORTAMENTO DEBERÁ ADECUARSE ÁS NORMAS BÁSICAS DE RESPETO, COLABORACIÓN E BOA CONVIVENCIA.

< As actitudes inapropiadas, belixerantes e insolidarias serán AMOESTADAS e comunicadas ás familias

< O reiterado incumplimento conlevará a perda do DEREITO DE CONTINUIDADE NO COMEDOR.

< Cando un alumn@ non cumpra coas normas establecidas para o comedor (conductas, pagos de recibo de comedor escolar, recollida puntual...), poderá ser dado de baixa no Comedor Escolar, previa consulta ao Consello Escolar.

< A hora de saída do comedor para os /as alumn@s é ás 15:00 horas (3 da tarde), previa comunicación á encargada de comedor ou directora ou ás 16:00 (4 da tarde). Prégase os pais ou nais que sexan puntuais na recollida dos alumnos/as.

< Os pais ou nais son os responsables de recoller aos alumnos/as. Se é outra persoa a que vai recollelos/as deberá firmar unha autorización a favor da persoa que os recolla.

< Cando un alumno/a asista ás clases e non quede ao Comedor Escolar, deberá avisar desta circunstancia á Encargada de Comedor ou á directora. Tódalas cuestións relativas ó comedor faranse únicamente a través da ENCARGADA e da DIRECTORA DO CENTRO.



Tamén adxuntamos unhas condutas contrarias ás normas a ter en conta tamén. (Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación na Comunidade Educativa. DOG nº136 do 15 de xullo de 2011).

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS A TER EN CONTA POLOS USUARI@S DE COMEDOR ESCOLAR

LEI 4/2011 DO 30 DE XUÑO DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE EDUCATIVA (DOG Nº 136 do 15 de Xullo de 2011)

CONSIDÉRANSE CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAS PARA A CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES:

- g) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- h) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e a/o persoal de administración e de servizos que constituían unha indisciplina grave.
- i) A suplantación da personalidade en actos da vida docente.
- j) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e os materiais dos centros docentes, incluídos xogos ou aos bens de outros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa sustracción.
- k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade de calquer membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requerido para iso polo profesorado.
- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de conductas leves contrarias á convivencia.
- m) O incumprimento das sancións impostas.

OUTRAS CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS:

- a) Ser irrespetuoso co persoal de cociña e coidador@s e desobedecer as súas indicacións.
- b) Acudir mal vestido ou desaseado.
- c) Entrar e/ou salir correndo, empurrando, berrando...
- d) Xogar cos garfos, coitelos ou culleres.
- e) Cambiarse de lugar sen permiso.
- f) Negarse a comer. Comer só o que lle gusta, deixar comida no prato ou tirar comida.
- g) Levantarse do sitio. Facer ruído coa boca, coas cadeiras. Tirar pan ou resto de comida no chan. Deixar sen recoller os restos de comida que pudiesen caer.
- h) Berrar ou pretender comunicarse cos/as compañeir@s que están lonxe.
- i) Andar por lugares do Centro educativo non autorizados.
- j) Saír do recinto escolar sen permiso ou sen comunicalo á encargada de comedor ou a dirección.

O incumprimento das normas entregadas a tódolos usuarios levará á aplicación de dita lei.

RECORDAMOS QUE O COMPORTAMENTO DEBERÁ ADECUARSE ÁS NORMAS BÁSICAS DE RESPETO, COLABORACIÓN E BOA CONVIVENCIA.

AS ACTITUDES INAPROPIADAS, BELIXERANTES E INSOLIDARIAS SERÁN AMOESTADAS E COMUNICADAS ÁS FAMILIAS.

REPETIMOS O INCUMPLEMENTO CONLEVARÁ A PERDA DO DEREITO DE CONTINUIDADE NO COMEDOR ASÍ COMO PAGAR POR TOD@S USUARI@S DE COMEDOR 8€ Ó MES.

ENCARGADA DE COMEDOR, DIRECCIÓN E CONSELLO ESCOLAR 2011/12



Ambalas dúas foron aprobadas en Consello Escolar e enviadas a cada familia dos [alumn@s usuari@s](#) de comedor do Ceip de Casás.

De acordo coa Lei de Seguridade Alimentaria e Nutrición de xullo de 2011 (Lei 17/2011 de 5 de xullo, BOE 6 de xullo de 2011) *As autoridades competentes velarán para que as comidas servidas nas escolas infantis e centros escolares sexan variadas, equilibradas e estén adaptadas ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade. Serán supervisadas por profesionais con formación acreditada en nutrición humana e dietética.*

As escolas infantis e os centros escolares proporcionarán ás familias, titores e responsables de [tod@s](#) os comensais, a programación mensual dos menús, da forma mais clara e detallada posible e orientarán con menús adecuados para que o almorzo e a cea sexan complementarios co menú do mediodía.

Ademais ten en conta de forma moi particular a crecente importancia dos riscos nutricionais, dada a preocupante permanencia na actualidade da obesidade e principalmente da obesidade infantil e xuvenil.

Ademais elaboraranse menús escolares adaptados ás necesidades especiais dos [alumn@s](#) que padezan alerxias e intolerancias alimentarias, e en calquer caso será obrigatorio que no caso dos celíacos ten que existir un menú alternativo.

Por parte da nutricionista fixo un curso de manipulación de alimentos e racionamento para colaborador/as, encargada de comedor e directora. Destacando as actuacións de pacto e compromiso firmado pola dirección, encargada e cada un dos colaboradores/as, destacando o compromiso de exercer de [monit@r](#) de comedor escolar no horario estipulado, de coñecer a Lei de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Lei 17/2011) e a aplicación de boas prácticas de manipulación e hixiene que se poñen en coñecemento seguindo as pautas de racionamento.

Co ánimo de protexer ao colaborador/a, encargada de comedor, directora e [alumn@s](#) do centro, enmarcado dentro da Lei de Protección de Datos e de Seguridade do Menor (Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, Lei 15/1999 de 13 de decembro) firmouse un compromiso de confidencialidade do centro Ceip Casás e do comedor.

Todo [colaborad@r](#) firma o Anexo I da Orde de comedores.

Adxuntamos o compromiso que firman os colaboradores/as co Ceip de Casás para levar a cabo de forma mais positiva, respecto e tolerancia as actuacións no comedor, entregando a cada [colaborad@r](#) o resultado da reunión para empezar o curso.

REUNIÓN COLABORADOR@S DO COMEDOR

DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2011

CURSO 2011/2012

.RECORDATORIO DE NORMAS (aprobadas en consello escolar NO curso 2010-2011).

.POSTA EN PRÁCTICA DAS MESMAS.

.REFORZAR:

1º- SERVIR 1º PLATO. ATA QUE ACABAN TODOS /AS NON SE PODE POÑER O SEGUNDO.

2º- NA MEDIDA QUE SE PODA HAI QUE MANTER ORDEN NA MESA.

3º- VIXIAR E ENSINAR BOS MODAIS Á HORA DE COMER : NON SE TOCA A COMIDA COA MAN, USO DO GARFO, CULLER E COITEL, NON PARA XOGAR.

4º - NON SE TIRA NADA AO CHAN

5º - SERVIR POUCO, PERO DE TODO. O NOSO OBXECTIVO É QUE “APRENDAN A COMER DE TODO”.

6º- NON SE REPITE SE HAI NO PRATO COMIDA.

7º - ENTENDEMOS QUE SOMOS COLABORADOR@S DE TODO O ALUMNADO.

8º- TODOS/AS ESTAMOS PARA APRENDER CON ESFORZO, RESPETO E HUMILDADE INTENTAREMOS MELLORAR CADA DÍA.

9º- A CAMPÁ SÓ A VAI TOCAR A ENCARGADA PARA QUE OS/AS ALUMN@S TEÑAN SEMPRE UNHA REFERENCIA. INTENTAREMOS NON CHILLAR POIS O FALAR ALTO NON ESCOITAN E SEGUEN FALANDO ALTO. (todo o alumnado ten que respetar e acatar as normas ou o que lle din todo o personal de



comedor se así non o fai tomaranse medidas disciplinarias)

10º- CADA DÍA OS ENCARGADOS RESPONSABILÍZANSE DE COLLER AS PELOTAS (OS/AS QUE NOMEEN , E).

11º- INTENTARÁSE TRAER O ALUMNADO EN FILA E EN SILENCIO.

12º -TAMEN QUE ENTREN EN FILA E SALGAN EN FILA DO COMEDOR.

13º- QUE PIDAN “por favor “, dar gracias,.... sempre levantando a man.

Acordos tomados no día de hoxe quedando reflectido que vamos intentar facelo o mellor que poidamos e sepamos axudandonos, uns os outros, con moito respecto, alegría, esforzo, dedicación e entusiasmo...

14º SE XURDE ALGÚN PROBLEMA NON DUDAR EN COMENTALO PARA ASI PODER DARLLE SOLUCIÓN ENTRE TODOS/AS.

TODO O EQUIPO DE PERSONAL DE COMEDOR (COIDADORES, ENCARGADA E DIRECTORA)

BENVID@S ao comedor do CEIP CASÁS -LUGO

O servizo de comedor rexirase nos seus obxectivos e organización polo Regulamento do Comedor Escolar.

5.5.3 Servizo de Escola Aberta:

Este servizo está dirixido ao alumnado de educación infantil e primaria do Ceip de Casás. Este servizo de Escola Aberta é un programa educativo promovido polo Concello de Lugo ao abeiro da normativa local vixente e das disposicións en materia educativa sobre cooperación na realización de actividades e servizos complementarios.

As fontes de financiamento son o Concello de Lugo e as cotas aboadas polos usuari@s.

O servizo de Escola Aberta ten dous obxetivos xerais:

- Facilitar aos pais/nais do alumnado do Ceip Casás a conciliación da vida persoal, laboral e familiar atendendo ao alumnado e contando con profesionais especializados.
- Contribuir á educación en hábitos alimenticios sans, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.

Este servizo funciona de luns a venres en días lectivos de 7:30 a 9:30h con dúas modalidades:

- Supervisión e actividades con almorzo que constará de lácteos (iogures ou leite), cereais (cereais, pan, galletas), e froita (natural ou en zume).
- Supervisión e actividades sen almorzo.

5.6 ASOCIACIÓNS:

5.6.1 Asociación de Pais/Nais de Alumnos/as (ANPA)

Os pais/nais do alumnado do centro que voluntariamente o desexan agrúpanse na ANPA do CEIP Casás de Lugo, que, nos seus obxectivos e organización, ríxese polos estatutos correspondentes.

Colaborarán co centro na realización de actividades educativas complementarias de carácter artístico, musical, lúdico-recreativo, así como a potenciación de aspectos do folclore e actos de carácter formativo. Ademais colabora en festas e actos (Nadal, Entroido, Fin de curso...).

A asociación conta con un representante no Consello Escolar do centro.



5.6.2. Clube polideportivo Casás:

No seo da ANPA, creouse un Clube polideportivo para que se fixese cargo das actividades deportivas do alumnado do colexio e fomentase a participación e práctica deportiva dos alumnos e alumnas. Este clube ten autonomía e entidade propia e é o que se ven responsabilizando das actividades deportivas do alumnado do colexio, con notable éxito, tralo acordo do Consello Escolar neste senso.

6. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CONTORNO

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e institucións con que se relacionan, buscando a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñeremos especial atención con: familias, ANPA, centros adscritos (IES Leiras Pulpeiro), outros centros do Concello de Lugo.

7.- CARACTERÍSTICAS DESTE PEC.

7.1.- COMO E CANDO FOI ELABORADO.

Este documento fai anos que está elaborado aínda que este curso 2011/2012 foi actualizado.

Unha vez elaborado foi presentado ó Claustro de Profesores-as e ó Consello Escolar para o seu estudo e enmendas que se estimen oportunas antes de recibir a aprobación definitiva do mesmo.

7.2.- AVALIACIÓN DO P.E.C.

Unha vez informado o Proxecto de P.E.C. polo Claustro de Profesores e aprobado polo Consello Escolar, será posto en práctica.

Pasado un tempo oportuno, será avaliado e reformado, se así procedera, nos puntos pertinentes.



7.3.- ANEXOS

ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO FARÁ REFERENCIA AOS SEGUINTES PROXECTOS DE XESTIÓN:

- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR
- PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
- PROXECTO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- PLAN LECTOR
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- PROXECTO LINGÜÍSTICO

7.4- PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO.

Unha vez operativo ó P.E.C. , deberá ser avaliado nos momentos oportunos , como queda reflexado no anterior apartado , e valéndose de todos aqueles procedementos que sexan apropiados .

Un momento que deberá ser aproveitado é o da realización da Memoria de fin de curso , en que se avaliará todo aquilo acadado ou non do contido do P.E.C.



INFORME DO CLAUSTRO

En cumprimento do artigo 6º da Lei Orgánica 9/1995 de 20 de novembro polo que se ordena a elaboración do PEC nos centros docentes, o Proxecto Educativo de Centro foi informado ao Claustro de Profesores en Sesión Ordinaria.

Lugo, a _____ de _____ de 2012

CEIP CASAS



INFORME DO CONSELLO ESCOLAR

En cumprimento do artigo 6º da Lei Orgánica 9/1995 de 20 de novembro polo que se ordena a elaboración do PEC nos centros docentes, o Proxecto Educativo de Centro foi informado ao Consello Escolar en Sesión Ordinaria.

Lugo, a _____ de _____ de 2012

CEIP CASAS